

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 28/11/2019

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS
-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes:
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ

SECRETARIA
MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA
TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 28/11/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 31 de outubro de 2019.

2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de outubro de 2019.

3.- Toma de coñecemento da relación de investimentos solicitados á Deputación Provincial de Pontevedra con motivo da reinversión de baixas nos investimentos do Plan Concellos 2017.

4.- Aprobación inicial, se procede, de Expte. de modificación de crédito por suplemento nº 02/SC/2019 e de cambio de finalidade de financiamento afectado dos Fondos FEDER nº 03/CF/2019

5.- Aprobación inicial, se procede, de Expte. de modificación de crédito por suplemento nº 03/SC/2019 e autorización de emprego do fondo de continxencia para o seu financiamento.

6.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG en relación coas demandas da plataforma en defensa dos dereitos nacionais de Galiza.

8.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Marea da Vila para o fomento e desenvolvemento de patios escolares inclusivos e coeducativos.

9.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución.

10.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE sobre creación dun punto de encontro familiar en Vilagarcía de Arousa.

11.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos sobre realización dun estudo para a mellora do transporte público urbano.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal. 15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 31 DE OUTUBRO DE 2019.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da citada acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE OUTUBRO DE 2019: Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2019:

Nº	DESCRICIÓN
4	Aceptación desestímulo e arquivo de solicitude de licenza de obras
3	Concesión de licenza de obra menor
6	Concesión de licenza para obras de canalización
1	Concesión de licenza para vao permanente
11	Concesión de licenza de obra maior
8	Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento
2	Concesión de licenza de segregación para cesión terreos afectados por aliñacións
40	Aceptación de comunicación previa e documentación anexa para obras
1	Nomeamento temporal de Xefe da Policía substituto
2	Orde dedución proporcional de haberes a empregado municipal por ausencias non xustificadas
1	Apertura de expediente disciplinario a empregado municipal
1	Aprobación de gasto correspondente a aportacións ao Plan de Pensións do mes de setembro
1	Delegación funcións da Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde
10	Nomeamento de funcionario/a interino/a
1	Corrección erro desconto en nómina de outubro importes indebidamente pagados a auxiliares de Policía Local
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
1	Denegación período de vacacións a funcionario municipal
1	Aprobación de oferta de Emprego Público 2019
3	Concesión de gratificación a empregados municipais por prestación de servizos en posto de superior categoría
1	Arquivo expediente de orde de execución
1	Arquivo de expediente requirimento presentación informe-ditame de seguridade
1	Requirimento presentación informe-ditame de seguridade muro de peche

- 3 Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística
- 2 Aprobación de transferencia de crédito
- 2 Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 5 Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 5 Concesión de licenza tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Denegación de licenza tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Incoación de procedemento sancionador prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores
- 24 Imposición de sanción expediente sancionador de tráfico
- 9 Iniciación de oficio de expedientes sancionadores de tráfico
- 2 Autorización celebración bailes e verbenas populares ao aire libre
- 2 Autorización para realización de espectáculo pirotécnico
- 2 Orde cambio de titularidade no catastro inmobiliario
- 13 Orde de pago de facturas
- 48 Concesión/denegación de fraccionamento de débeda

TOTAL: 223

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS Á DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON MOTIVO DA REINVERSIÓN DE BAIAS NOS INVESTIMENTOS DO PLAN CONCELLOS 2017.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de Pontevedra con motivo da reinversión de baixa Plan Concellos 2017.

Denominación	Liña	Importe investimento	Total	Subvención solicitada a Deputación Provincial	á Achega Municipal	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención
“Mellora e Ampliación da rede de saneamento na Rúa Vilaboa”	1	29.680,26 €	29.680,26 €	29.680,26 €	-	30/09/2019
“Mellora da Mobilidade e accesibilidade de O Vento (CEA)”	1	27.041,47 €	27.041,47 €	27.041,47 €	-	30/09/2019

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO Nº 02/SC/2019 E DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO DOS FONDOS FEDER Nº 03/CF/2019.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA MOFIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE PRESTAMO INGRESADO.

Á vista do informe-Proposta da Directora DUSI, mediante Providencia da Alcaldía incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente Nº02/SC/2019 de modificación de crédito por suplemento de crédito por importe de 133.818,28€.
- Expediente Nº03/CF/2019 de cambio de finalidade de financiamento afectado procedente dunha operación de préstamo a longo prazo concertada no exercicio 2017 afecta ao respectivo Anexo de investimentos por un importe global de 133.818,28€.

Co fin de cobertura orzamentaria suficiente os seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	OT	Denominación	IMPORTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	DA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
134-6290017	DUSI (2) 01/04/2019	Nº 4	MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	100.800,00		100.800,00
1721-6290017	DUSI (2) 01/05/2018	Nº 4	AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453	33.018,28		33.018,28
TOTAIS				133.818,28		133.818,28

Tal e como se deixa constancia no informe da Directora DUSI, o que se pretende con este expediente é poder cumprir cós requirimentos dos fondos FEDER, segundo os seguintes datos:

- A operación VLG_OT4_LA10_MOVPECI (Mellora da mobilidade peonil e ciclista)(PROXECTO 2018-2-DUSI-4) precisa de mais financiamento para afrontar as actuacións a realizar en infraestruturas ciclistas e peonís de cara a lograr unha redución de carbono a través do fomento de transporte non contaminante. Para elo precisamos suplementar o crédito asignado inicialmente con cargo o préstamo EDUSI de ABANCA con número 79420, e o faremos na mesma contía que inicialmente financiaba a achega municipal da operación VLG_OT6_LA07_SOSAMB (Mellora da sostibilidade e condicións medioambientais) (PROXECTO 2018-2-DUSI-9), que se encontrará dispoñible trala aprobación do expediente de modificación orzamentaria Nº 01/SC/2019 por aplicación do superávit con destino a Inversións financeiramente sostibles, que dota a citada operación de maior financiamento da inicialmente prevista, que foi aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o 31 de outubro de 2019.

-A operación VLG_OT4_LA06_EFIENERG (Promoción da eficiencia enerxética)(PROXECTO 2018-2-DUSI-5) require unha maior aportación municipal en virtude da auditoría enerxética e proposta de pregos que se realizou polo técnico correspondente. Neste caso o suplemento farase mediante o emprego parcial do crédito asignado residualmente no PROXECTO 2018-2-DUSI-19 que recolle no OT9 a Bolsa sobrance do préstamo EDUSI de ABANCA con número 79420 que quedou sobrance cando se realizou a reagrupación de liñas de actuación dentro dos obxectivos

temáticos, aprobado mediante expedientes de modificación orzamentaria Nº 01/CE/2018 e Nº 01/CF/2018, en sesión plenaria celebrada o 28 de xuño de 2018.

Se trata de dúas liñas de actuación concretas e determinadas para as que é preciso complementar a consignación orzamentaria á maior brevidade posible co fin de poder continuar coa complexa tramitación administrativa dos respectivos expedientes DUSI e así dar cumprimento aos concretos prazos de execución e xustificación da Estratexia Vilagarcía Avanza.

Tendo en conta o sobranse de financiamento afectado existente polos motivos expostos no informe da Directora DUSI, o cal constitúe medios e recursos que poden financiar os aumentos que se propoñen por un importe de 133.818,28€ ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente que existen excesos de financiamento no proxecto indicados polo importe solicitado de 133.818,28€

Esta Alcaldía propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente Nº 03/CF/2019 de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de 133.818,28€, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos na aplicación e para o proxecto indicado nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Proxecto	OT	Denominación	BAIXAS	CONCEPTO INGRESOS
1721	6290017	DUSI (2) Nº 00/09/2018	6	AGR IMPULSO E MELLORA DA SOSTIBILIDADE E AS CONDICIÓN AMBIENTAIS NA ÁREA URBANA-VLG-LA 07-SOSAMB OE 652	100.800,00	87010
333	6320017	DUSI (2) Nº 00/19/2018	9	BOLSA SOBRENTE FINANCIAMENTO PARA OBXECTIVO TEMÁTICO 9	33.018,28	87010
		TOTAL			133.818,28	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 02/SC/2019 de suplemento de crédito por importe de 133.818,28€ para complementar o crédito dentro dos seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	OT	Denominación	IMPORTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	DA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
134-6290017	DUSI (2) Nº 01/04/2019	4	MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	100.800,00		100.800,00
1721-6290017	DUSI (2) Nº 01/05/2018	4	AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453	33.018,28		33.018,28
TOTAIS				133.818,28		133.818,28

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente da operación de préstamo a longo prazo Nº 2017 / 1 / 79420, PRESTAMO ABANCA engadida no Anexo de investimentos do exercicio 2017, por importe de 133.818,28€.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, tratándose de actuacións de pura natureza orzamentaria.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indica:

GASTO						FINANCIAMENTO		
APLICACIÓN	Nº PROXE.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN	

134-6290017	DUSI (2) Nº 01/04/2019	MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	100.800,00	DUSI (2) Nº 00/09/2018 AGR IMPULSO MELLORA DA SOSTIBILIDADE E AS CONDIÇÕES AMBIENTAIS NA ÁREA URBANA-VLG-LA 07-SOSAMB OE 652	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	100.800,00	87010
						100.800,00	
1721-6290017	DUSI (2) Nº 01/05/2018	AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453	33.018,28	DUSI (2) Nº 00/19/2018 BOLSA SOBRANTE FINANCIAMENTO PARA OBXECTIVO TEMÁTICO 9	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	33.018,28	87010
						33.018,28	
		TOTAL	133.818,28			133.818,28	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: Nº03/CF/2019 de modificación de finalidades do préstamo afecto aos proxectos relacionados ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente Nº02/SC/2019 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2019 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente polas repercusións negativas que a demora na tramitación dos expedientes pode ter no cumprimento dos prazos de execución e xustificación, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterà a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de Modificación de Crédito por suplemento nº 02/SC/2019 e de cambio de finalidade de financiamento afectado dos Fondos FEDER Nº 03/CF/2019.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente Nº 03/CF/2019 de modificación de finalidade do financiamento

afectado por importe de 133.818,28€, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos na aplicación e para o proxecto indicado nos seguintes termos:

Pro.	Eco.	Proxecto	OT	Denominación	BAIXAS	CONCEPTO INGRESOS
1721	6290017	DUSI (2) Nº 00/09/2018	6	AGR IMPULSO E MELLORA DA SOSTIBILIDADE E AS CONDICIÓN AMBIENTAIS NA ÁREA URBANA-VLG-LA 07-SOSAMB OE 652	100.800,00	87010
333	6320017	DUSI (2) Nº 00/19/2018	9	BOLSA SOBRANTE FINANCIAMENTO PARA OBXECTIVO TEMÁTICO 9	33.018,28	87010
		TOTAL			133.818,28	

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente Nº 02/SC/2019 de suplemento de crédito por importe de 133.818,28€ para complementar o crédito dentro dos seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº PROXECTO	OT	Denominación	IMPORTE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	DA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
134-6290017	DUSI (2) Nº 01/04/2019	4	MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451	100.800,00		100.800,00
1721-6290017	DUSI (2) Nº 01/05/2018	4	AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453	33.018,28		33.018,28
TOTAIS				133.818,28		133.818,28

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes a Proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, os que se lle cambia a finalidade do financiamento afectado, procedente da operación de préstamo a longo prazo Nº 2017 / 1 / 79420, PRESTAMO ABANCA engadida no Anexo de investimentos do exercicio 2017, por importe de 133.818,28€.

CUARTO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación dos respectivos servizos, tratándose de actuacións de pura natureza orzamentaria.

QUINTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a distribución de financiamento afectado para o proxecto de gasto con financiamento afectado, que de seguido se indica:

APLICACIÓN	Nº PROXE.	GASTO		IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	FINANCIAMENTO	
		Denominación					RLTGFA	APLICACIÓN
134-6290017	DUSI (2) Nº 01/04/2019	MELLORA MOBILIDADE PEATONAL E CICLISTA-VLG-LA10 MOVPECI-OE 451		100.800,00	DUSI (2) Nº 00/09/2018 AGR IMPULSO E MELLORA DA SOSTIBILIDADE E AS CONDICIÓN AMBIENTAIS NA ÁREA URBANA-VLG-LA 07-SOSAMB OE 652	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	100.800,00	87010
							100.800,00	
1721-6290017	DUSI (2) Nº 01/05/2018	AGR-PROMOCIÓN DA EFICIENCIA ENERXÉTICA-VLG-LA06-EFIENERG-OE 453		33.018,28	DUSI (2) Nº 00/19/2018 BOLSA SOBRANTE FINANCIAMENTO PARA OBXECTIVO TEMÁTICO 9	2017 / 1 / 79420 PRESTAMO ABANCA FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS 2017	33.018,28	87010
							33.018,28	
		TOTAL		133.818,28			133.818,28	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: Nº03/CF/2019 de modificación de

finalidades do préstamo afecto aos proxectos relacionados ao que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente N°02/SC/2019 de suplemento de crédito financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houbesen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

SÉTIMO: Unha vez aprobados definitivamente os expedientes, serán inseridos e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2019 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente polas repercusións negativas que a demora na tramitación dos expedientes pode ter no cumprimento dos prazos de execución e xustificación, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterà a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE EXPTE. DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO N° 03/SC/2019 E AUTORIZACIÓN DE EMPREGO DO FONDO DE CONTINXENCIA PARA O SEU FINANCIAMENTO.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO N° 03/SC/2019

ANTECEDENTES

1.- En data 07/05/2019 ten entrada na sede electrónica do Concello a sentenza ditada polo Xulgado do Mercantil N°2 de Pontevedra no procedemento abreviado n° 0000168/2018, como consecuencia da demanda interposta pola Sociedad General de Autores, (en adiante SGAE) contra o Concello de Vilagarcía de Arousa sobre vulneración de dereitos de propiedade intelectual.

En data 8 de xuño de 2019 interponse recurso de apelación polo Concello de Vilagarcía de Arousa fronte a Sentenza de 2 de maio de 2019.

Na referida sentenza se condena ao Concello de Vilagarcía a indemnizar á parte actora na cantidade de 88.609,30€, de conformidade có disposto no artigo 138 da LPI pola comunicación pública de obras musicais, teatrais e cinematográficas nos días sinalados no período indicado no feito segundo da demanda, sen ter aboado as tarifas reclamadas.

En data 4 de novembro de 2019 dítase sentenza pola Sección 1ª da Audiencia Provincial de

Pontevedra resolvendo o recurso de apelación interposto e estimando parcialmente as pretensións do Concello.

2.- No informe do letrado que representa ao Concello na causa de referencia, faise constar que "(...) A efectos de cumplimiento de la Sentencia y a fin de evitar que se devenguen más intereses, se recomienda el abono de las partidas a), c) y la parte de la partida b) que no se corresponde con los conciertos en los que hay que deducir los gastos de seguridad. Igualmente se recomienda dirigir requerimiento por escrito a la SGAE a fin de que aporte desglose de las facturas correspondientes en las que se concreten los gastos de seguridad para poder proceder al cálculo del resto del importe a abonar a la mayor brevedad posible.(...)".

Tendo en conta as recomendacións do letrado, o máis prudente sería dotar crédito polo total da débeda, engadindo o importe as tarifas pendentes de determinación, có fin de contar con dotación orzamentaria suficiente para afrontar a contía que finalmente proceda, xa sexa en base a acordo coa parte actora ou, en defecto de acordo, á vista do acordado polo xuíz en fase de execución.

Tendo en conta que o Concello de vilagarcía de Arousa conta cun Fondo de Continxencia para facer fronte a gastos imprevistos e inaprazables no que podería ter cabida o expediente de gasto derivado da execución da sentenza da Audiencia Provincial.

3.-No informe de Intervención acredítase a viabilidade financeira deste gasto extraordinario dentro do exercicio 2019 previa tramitación dun expediente de suplemento de crédito financiado con baixas noutras aplicacións orzamentarias non comprometidas da cordo co seguinte esquema de financiamento:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS BAIXA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	94.071,52
		TOTAL	94.071,52

4.- Da cordo coa base 31ª das BEO estaríamos ante un gasto non discrecional encadrable nos requisitos obxectivos para a aplicación do Fondo de Continxencia dotado na aplicación 929-500 do orzamento de gastos.

Co fin de evitar que se devenguen maiores xuros para o Concello e con elo maiores prexuízos económicos para a Facenda Municipal.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a base 31ª das BEO 2019, e o artigo 18.2 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de 94.071,52€ para financiar o expediente de suplemento de crédito Nº 03/SC/2019.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito Nº 03/SC/2019, en relación ás aplicacións orzamentarias e polos importes relacionados a continuación:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS ALTA	IMPORTE/€
929	22699	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-OUTROS GASTOS DIVERSOS	94.071,52
		TOTAL	94.071,52

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS BAIXA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	94.071,52

		TOTAL	94.071,52
--	--	-------	-----------

CUARTO: Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 94.071,52€ con destino ao financiamento do expediente de suplemento de crédito N° 03/SC/2019, xunto co propio expediente de Suplemento de crédito N° 03/SC/2019, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito N° 03/SC/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2019 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente por canto máis tempo transcorra sen proceder ao pago maiores xuros se devengarán, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterà a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito por suplemento n° 03/SC/2019 e autorización de emprego do fondo de continxencia para o seu financiamento.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de 94.071,52€ para financiar o expediente de suplemento de crédito N° 03/SC/2019.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito N° 03/SC/2019, en relación ás aplicacións orzamentarias e polos importes relacionados a continuación:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS ALTA	IMPORTE/€
929	22699	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-OUTROS GASTOS DIVERSOS	94.071,52
		TOTAL	94.071,52

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS BAIXA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	94.071,52
		TOTAL	94.071,52

CUARTO: Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe

de 94.071,52€ con destino ao financiamento do expediente de suplemento de crédito N° 03/SC/2019, xunto co propio expediente de Suplemento de crédito N° 03/SC/2019, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de suplemento de crédito N° 03/SC/2019 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2019 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente por canto máis tempo transcorra sen proceder ao pago maiores xuros se devengarán, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterá a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D. Samuel García Gómez, en representación do Colectivo Vía Galega para intervir en relación coa moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, que figura co nº 7 da Orde do Día do Pleno.

A continuación intervén o Sr. García Gómez en relación coa moción do Grupo Municipal do BNG que se debate a continuación.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN RELACIÓN COAS DEMANDAS DA PLATAFORMA EN DEFENSA DOS DEREITOS NACIONAIS DE GALIZA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG coa data de 18 de novembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN VIA GALEGA

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, recollendo as demandas da Plataforma en defensa dos dereitos nacionais de Galiza.

Este vaise i aquel vaise,

e todos, todos se van.

Galicia, sin homes quedas

que te poidan traballar.

Tés, en cambio, orfos e orfas

e campos de soledad, nais que non teñen fillos

e fillos que non ten país.

E téis corazóns que sufren

longas ausencias mortás,

viudas de vivos e mortos

que ninguén consolará.

No poema *Pra a Habana!*, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de *Cantares Gallegos* este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017 –últimos datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu *Pra a Habana!* a poboación de Galiza representaba o 11,5% da

poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos:

1.- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2.- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas

necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

3.- Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

4.- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal , marítimo-pesqueiro , enerxético e das TIC.

Vilagarcía de Arousa, novembro de 2019

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do BNG en relación coas demandas da Plataforma en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 15 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1) e 4 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (3) e Ciudadanos (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1.- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

2.- Instar ao Parlamento de Galiza a constituír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas

necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

3.- Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

4.- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE MAREA DA VILA PARA O FOMENTO E DESENVOLVEMENTO DE PATIOS ESCOLARES INCLUSIVOS E COEDUCATIVOS.

Retírase o asunto da orde do día do Pleno e procederase á súa inclusión no próximo Pleno unha vez reformulado o texto da moción.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP EN DEFENSA DAS LIBERDADES EDUCATIVAS CONSAGRADAS NA CONSTITUCIÓN. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 20 de novembro de 2019, do seguinte teor:

O Grupo Municipal do PP de Vilagarcía de Arousa conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno

Municipal a seguinte Moción en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos. Ese papel non pode ser substituído nin condicionado polo Estado, ao contrario, os pais deben ter a seguridade de que o Estado lles protexe e garante os seus dereitos.

A Constitución Española de 1978 situou o Art 27º, “ Todos teñen dereito á educación. Recoñécese a liberdade de ensino.” no seu título Primeiro “ Dos dereitos e deberes fundamentais”. Non foi unha decisión casual, senón que respondeu á vontade dos constituíntes para que ambos dereitos se atopásen nun plano de igualdade e fundamental.

Ao longo dos corenta anos de vixencia da Constitución, as diferentes reformas educativas defenderon con maior ou menor paixón ambos os dereitos, desenvoltos e reafirmados tamén pola xurisprudencia do Tribunal Constitucional.

Con todo, o último proxecto de lei do partido socialista- a chamada LOMLOE- cuestiona o primeiro gran pacto educativo da Transición ao tentar limitar as liberdades educativas recoñecidas na Constitución.

As recentes manifestacións da ministra de educación, que a pesar da abundante normativa e xurisprudencia, entre elas a Declaración Universal dos Dereitos Humanos que no seu art 26º.3 establece que “ os pais terán dereito preferente a escoller o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos” xeraron unha gran alarma social por canto cuestionan que os pais poidan elixir a educación dos seus fillos algo que se materializa cando as familias elixen un centro educativo e non outro.

Ignora tamén a ministra que o Art 27º.3 da Constitución Española establece con claridade que “Os poderes públicos garantan o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións”.

Por todo iso, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía de Arousa presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1. Respetar e defender a Constitución Española e a xurisprudencia emanada do Tribunal constitucional en relación ao Art 27º, que sitúan no mesmo plano de igualdade o dereito á educación e a liberdade de ensino, mediante un desenvolvemento harmónico de ambos dereitos.
2. Garantir que os pais, como primeiros responsables da educación dos seus fillos, elixan o tipo de educación e o centro educativo onde escolarizar aos seus fillos.
3. Defender a rede de centros concertados como garantes da existencia dunha oferta plural complementaria á rede pública, tal e como manifestou o Tribunal Constitucional, e por tanto da liberdade de elección das familias, asegurando a igualdade de oportunidades das mesmas no exercicio deste dereito o que implica que ambas as redes, pública e privada-concertada terán que ter os recursos necesarios que aseguren este dereito.
4. Promover e apoiar a autonomía organizativa e pedagóxica dos centros, respectando o carácter propio dos mesmos, para desenvolver proxectos educativos de calidade que poidan responder as inquietudes e prioridades das familias co fin de que estas poidan elixir con total liberdade
5. Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada-concertada como garantes da liberdade de elección das familias.
6. Respetar e cumprir o Art 27º.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.
7. Abandonar calquera intento dirixido a suprimir a demanda social do Art 109.2 da LOMCE como factor determinante por parte das administracións á hora de ofertar as prazas educativas.
8. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España para que, a través do cumprimento de todos

os puntos desta proposta, defenda e garanta as liberdades educativas consagradas na Constitución Española.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 4 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3) e Ciudadanos (1) e 15 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PSG-PSOE (12), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Marea da Vila (1)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP en defensa das liberdades educativas consagradas na Constitución.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE CREACIÓN DUN PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR EN VILAGARCÍA DE AROUSA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE coa data de 20 de novembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN: PUNTO DE ENCONTRO FAMILIAR

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2001 púxose en marcha unha rede de Puntos de Encontro nas sete principais cidades

galegas, dependentes da Xunta de Galicia, co fin de garantir a existencia dun lugar axeitado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores de familias en situacións de conflito. Este servizo converteuse nun recurso imprescindible para a nosa sociedade e vén incrementando a súa demanda de maneira exponencial. Os Puntos de Encontro familiar constitúen un equipamento social, de carácter neutral e especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente, que ten por obxecto favorecer a relación entre as e os menores e as súas familias cando nunha situación de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas resulte difícil ou conflictivo. A intervención do Punto de Encontro pode darse de dúas formas, mediante as entregas e recollidas do menor a través do mesmo, ou servindo de espazo para que se leve a cabo a visita do menor co seu pai ou nai.

O punto de encontro é un recurso social fundamental que debe atoparse nunha contorna segura e accesible. Actualmente as familias de Vilagarcía de Arousa que precisan deste servizo teñen que acudir ao Punto de Encontro de Pontevedra, coa dificultade que supón para moitas familias, moitas delas con dificultades económicas, os desprazamentos a Pontevedra. Ademais, o Punto de Encontro de Pontevedra adoece de falta de persoal e medios para dar cobertura a toda a poboación de referencia deste servizo.

En maio de 2017 o Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa acordou, por unanimidade solicitar á Xunta de Galicia a creación dun Punto de Encontro Familiar que dea cobertura a toda a Comarca de Arousa. Asimesmo, a concelleira de Servizos Sociais mantivo unha xuntanza coa Directora Xeral de Familia para plantexarlle esta necesidade. Esta demanda foi rexeitada pola propia Directora Xeral.

En días pasados saíu publicada nun xornal local a decisión da Consellería de Política Social de promover a creación de dous novos Puntos de Encontro Familiar en Galicia, un no Concello de Ribeira, pero a ubicación doutro non foi concretada pola Consellería de Política Social.

Por todo o anteriormente exposto o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno da Corporación os seguintes ACORDOS:

- 1.-Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social á creación dun Punto de Encontro Familiar en Vilagarcía de Arousa.
- 2.-Dar traslado deste acordo aos portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común, Marea da Vila e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PSG-PSOE sobre creación dun punto de encontro familiar en Vilagarcía de Arousa.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

- 1.-Instar á Xunta de Galicia e á Consellería de Política Social á creación dun Punto de Encontro

Familiar en Vilagarcía de Arousa.

2.-Dar traslado deste acordo aos portavoces dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CIUDADANOS SOBRE REALIZACIÓN DUN ESTUDO PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de 25 de novembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos coa data de 20 de novembro de 2019, do seguinte teor:

MOCIÓN: “ESTUDO PARA A MELLORA DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vilagarcía é unha vila que sufríu importantes modificacións nos últimos anos do seu trazado urbano. Tentando facer unha cidade máis amable para o peatón, reducíronse os viais destinados ó tráfico rodado provocando un problema de atascos diarios que adquiren maior dimensión nas épocas estivais. Convén lembrar que Vilagarcía é un importante núcleo comercial para a xente de toda a comarca, sen embargo os problemas de tráfico fan que moita xente escolla outras opcións para mercar, e iso repercute negativamente no comercio local.

Consideramos que neste proceso de modernización da cidade e necesario contar cunha planificación máis axeitada, e un dos pasos a levar a cabo é a mellora do transporte público, que disuada á xente de coller o vehículo particular para os desprazamentos, conseguindo ademais unha cidade máis limpa.

Se ben os municipios de poboación inferior ós 50.000 habitantes non teñen a obriga de ter transporte público urbano, no noso, con tres núcleos con importante poboación cunha certa interdependencia entre eles, e unha gran cantidade de parroquias na contorna, fan que este servizo se volva unha necesidade, e disto hai que facer consciente á Xunta de Galicia, que pese a non ter a competencia directa en liñas intraurbanas, si debe de ter en consideración estas características que fan de Vilagarcía un concello diferente neste senso.

Por outro lado, e coñecedores de que a tarifa só cubre unha pequena parte do custe deste transporte, pódese actuar mellorando esta rentabilidade sen necesidade de aumentar os servizos, senon reformulándoos e chegando, a través de liñas circulares, a barrios tan poboados como Ós Duráns ou Ás Carolinas captando máis viaxeiros e facendoo, deste xeito, máis eficiente en términos económicos ó mellorar este ratio de custe cuberto pola propia tarifa.

Todo isto sen perxuízo das alegacións ó plan de transportes da Xunta de Galicia redactadas por varios grupos desta corporación que fan unha análise máis axeitada da realidade da nosa comarca, e do papel relevante que ten o noso municipio, por tódolos servizos que ofrece a todo O Salnés pero sobre todo pola existencia da estación de ferrocarril que debera de servir, xunto coa integración (en pro de acadar a intermodalidade) da de autobuses, como nexo de unión do transporte comarcal co do resto da comunidade e da nación.

Por todo isto o Grupo Municipal de Ciudadanos

SOLICITA

1. Facer un estudio de viabilidade técnica i económica, conxuntamente coa concesionaria do servizo para acadar os seguintes obxectivos:

A. Chegar a máis xente: A reformulación das liñas actuáis, chegando a máis destinos de interese, como o Porto ou os polígonos industriáis, sobre todo nas horas de entrada e saída do traballo; ou zonas poboadas con grande capacidade de atraer viaxeiros que actualmente non contan cun transporte público de calidade.

B. Concienciar á poboación da mellora para economía familiar que supón o emprego do transporte público: A posibilidade de crear billetes integrados, de xeito que un veciño só teña que pagar unha vez para chegar de calquer punto a calquer outro do municipio, aínda tendo que cambiar de liña. O transporte público pode e debe ser máis económico que o emprego do vehículo particular.

C. Concienciar á poboación sobre a mellora do medio ambiente: Facer un plan de concienciación para os traballadores das grandes empresas que os leve a escoller o medio de transporte público, e para a cidadanía en Xeral, mellorando o tráfico, reducindo ás emisións tóxicas, e conseguindo unha cidade máis limpa.

2. Valorar i estudar a seguinte proposta de reformulación das liñas de autobuses que permitirían chegar a máis veciños e a máis puntos de interese, algo que se podería acadar sen supor un alto custe económico

. A creación de dúas liñas de autobús circulares Vilaxoán – Vilagarcía, en sentidos inversos que fagan o traxecto dende O Freixo, pasando polas seguintes paradas: O Rial, A Lagoa, Vilaxoán Farmacia, Sobradelo, Procoarsa, Doctor Tourón/Matosinhos, Rodrigo de Mendoza/Fexdega, Ás Carolinas, Ambulatorio/IES Castro Alobre/Concello de Vilagarcía, O Ramal/Praia/Estación, Rivero de Aguilar, O Cavadelo, Porto de Vilagarcía, Canelas, Vilaxoan Porto/Praia do Preguntoiro, O Freixo.

. Unha liña que faga continuamente o traxecto Bamio, Carril e Vilagarcía

. todo isto apoiado en billetes integrados que permitan facer trasbordos e chegar de calquer punto do municipio a calquer outro pagando una sola vez, aínda non disponiéndose das tarxetas VaiBus.

3. Mellorar a comunicación nas marquesiñas, oficina de turismo e web do concello e futura app información detallada e veraz:

Debe de explicarse o servizo de transporte urbano cunha información que sexa clara, concisa e que non de lugar a confusións. Ademais, a información debe de ir acompañada dun seguimento para garantir que chegue en todo momento ó cidadán de xeito correcto:

. Difusión entre a cidadanía dos horarios e itinerarios do servizo (folletos, mapas, horarios de bolsillo, etc.

. Mantemento desta información por distintas vías (paradas, centros de información)

. Actualización e redifusión en caso de modificacións.

4. Instar á Xunta a colaborar, traballando conxuntamente e recollendo as alegacións previamente presentadas polos diferentes grupos deste municipio e o propio concello contra o plan de transportes, para reflectir de dar resposta ás necesidades do noso municipio e a nosa comarca.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG Vilagarcía en Común e Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos sobre realización dun estudo para a mellora do transporte público urbano.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con 6 votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (3), Vilagarcía en Común (1), Marea da Vila (1) e Ciudadanos (1), 1 abstención, da Concelleira pertencente ao grupo político municipal do BNG (1) e 12 votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (12)

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos sobre realización dun estudo para a mellora do transporte público urbano.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20191128&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:05 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.